

**Resolución do 30 de marzo de 2017 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Arquitecto, resultante dos períodos de actualización de listas, pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos nesta categoría.**

Por resolución do 22 de marzo de 2017 da comisión de selección, publicadas na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Arquitecto, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2016.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

**Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.**



Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Arquitecto, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2016.

**Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos.**

Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Arquitecto, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2016, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os candidatos figuran por orde do D.N.I, apelidos e nome, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos candidatos excluídos, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 30 de marzo de 2017.

O Director-Xerente

  
A circular official stamp of SEAGA. The outer ring contains the text "EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A." and the inner ring contains "SEAGA". In the center, there is a stylized leaf logo and the word "seaga" in lowercase. At the bottom of the stamp, the CIF number "CIF: A 70086561" is visible.  
Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.